

**MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ**, poeta, escritor e tradutor, naceu en San Miguel de Paradela, Lugo (11/12/1934). Residiu en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou na cidade de Lugo, onde faleceu o 13/2/1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral, traballando como xefe administrativo do departamento de personal numha industria siderometalúrxica.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros nos que firma como Manuel Rodríguez López, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: "POEMAS POPULARES GALEGOS" (1968), "SAUDADE NO BULLEIRO" (1970), "SOLDADA MINIMA" (1979), "ONTE E HOXE VIVENCIAL" (1995) e "A ATLANTIDA" (1995), traducción ó galego da obra de Jacint Verdaguer. En prosa: "REENCONTRO COA ALDEA" (1983), "GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982" (1983), "GALEGOS EN CATALUNYA-2" (1985), "VIXAXES CON ANXEL FOLE" (1988), "FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989" (1989), libro-programa das festas e "VOLTA A ESPAÑA A PE" (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos e acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria nos anos 1976 e 1980, o Premio Xosé M<sup>a</sup> Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985. En prosa, consegurou o primeiro premio "Nós" de Barcelona en 1980 cunha peza teatral; tamén mereceron premio diversos contos seus en certames literarios de Sarria e Baracaldo. Nos "PREMIOS GALICIA DE XORNALISMO", quedou finalista na sección de "Reportaxe" nas convocatorias de 1985 e 1987. Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, publicando asimesmo gran cantidad de artigos en diversos xornais e revistas de Catalunya e Arxentina. Foi Cronista Oficial do Centro Galego de Barcelona e correspolso de diversos periódicos galegos na Cidade Condal. Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e vixaxes en "Radio Nacional de España" en A Coruña e "Radio Popular" de Lugo.

Xerardo Moscoso, Suso Vaamonde, Alfredo González e M<sup>a</sup> Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado "Fillo Predilecto do Concello de Paradela" e "Lucense del año", inaugurándose tamén en 1990 a Casa de Cultura de Paradela co nome de "Manuel Rodríguez López".

## PARADELA

Festas de San Miguel e das Delores,  
campás da igrexa, ledas ou tristeiras,  
camiños dondos, corgas costaneiras,  
noites de luar, no vrau, longos solpores.

Namela onde collía brancas frores,  
noces, figos, amoras das silveiras,  
terra de mozas, ledas, cantareiras,  
¿qué tes que mórrome de mal de amores?

Terra que vai dende o Toural ó Loio,  
veiga onde nacín, doce, verde cunca,  
camiño do romeiro a Compostela.  
Polo mundo emigrante, triste, soio,  
estarei lonxe, pro... esquecerte ¡NUNCA!  
Patria dos meus antergos ¡PARADELA!

Manuel Rodríguez López  
Do libro "POEMAS POPULARES GALEGOS"  
Ed. Celta - Lugo, 1968.

Era o Quince, feira en Paradela. Xan non o sabía. Dende pequeno vivira lonxe da súa terra. Só recordaba anécdotas. Como unha película pasaban pola súa memoria o mestre na escola, unha cobra tripada nunha corga, a Virxe das Dores en andias o día da festa, unha tarde á percura de niños con outros cativos, longas horas espreitando o que facían os paxariños, os sapos, unha topia...

Manuel Rodríguez López  
Do libro "REENCONTRO COA ALDEA"  
Edicións do Castro, 1983

## **CONCELLO DE PARADELA**

## **CERTAME DE POESIA E NARRATIVA**



## **II PREMIO LITERARIO MANUEL- ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ**

## **BASES DO CERTAME**

**PRIMEIRA:** Establécense un Premio de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Poesía e outro de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Narrativa.

**SEGUNDA:** Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ámbolos dous casos, escritos a máquina a doble espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

**TERCEIRA:** O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de 1996. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato ou a obra poética está axustada ás normas contidas na Base segunda. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada apartado por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

**CUARTA:** O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de decembro de 1996 e

farase público polos medios de comunicación. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

**QUINTA:** As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

**SEXTA:** O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, na data que se fixe polo Excmo. Concello.

**SEPTIMA:** A resolución de tódalas cuestiós que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é de exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, setembro de 1996.